

O MUNDO QUE NOS RODEA


O sistema solar

REPASA ESTA INFORMACIÓN.

O universo está formado por todos os astros que existen, como as estrelas, os planetas, as galaxias, etc., e o espazo entre eles.

O sistema solar está formado por unha estrela (o Sol) e os planetas, os satélites, os planetas ananos, os cometas e os asteroides que xiran arredor del.

1 Observa o debuxo do sistema solar, escribe o nome dos astros e contesta.



- Cal é a estrela do sistema solar? A estrela do sistema solar é o Sol.
- Son planetas do sistema solar todos os astros representados no debuxo?
Non, o Sol non é un planeta
- Que movementos realizan os planetas? O de rotación e o de translación

2 Explica a diferenza entre un asteroide e un cometa.

Os asteroides son fragmentos de rocha con forma irregular e os cometas son astros conxelados.